

Para, contra a violencia, recuperarmos a lingua
25 de novembro, Día da Non-Violencia contra as Mulleres



Baldo Ramos

Teño dereito a ser muller.

A decidir o que non quero nin preciso,
o que me abonda para ser libre.

Teño dereito a non depender das palabras doutros
nin da condena daqueles que falan de lonxe.

Teño dereito a esquecer unha historia de obediencia,
de silencio inconfesábel,
de esperanzas traizoadas.

Teño dereito a prescindir de epopeas,
de frases feitas,
de batallas perdidas.

Quero erguerme sen levantar sospeitas,
sen contar os pasos,
sen escoitar o medo nos ollos dos que me abren as portas.

Quero ter esperanza no pasado.

Redimir o futuro con palabras transparentes.

Sentir que desta beira da ignominia
hai un oco para respirar.

E que hai alguén que escoita.

Quero ter fe na palabra que obriga.

Sei, con todo, que non abonda con ser escoitada.

Mais quero que esa palabra que nunca has pronunciar
tamén sexa túa.

Que non a deas por perdida.

Que ma entregues ao final
como testemuño dun encontro que non reclama vinganza.

Tan só un pouco de luz para esta noite
na que algunhas dormen
un soño de odio
e afiado abrente.